

Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### VILAGARCÍA DE AROUSA

##### Subvencións e axudas

##### *APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DE AXUDAS MUNICIPAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL E PUBLICACIÓN DO TEXTO ÍNTEGRO*

##### *EDICTO*

O Concello de Vilagarcía en sesión plenaria ordinaria celebrada o 23 de febreiro de 2023 acordou a aprobación inicial da modificación das Bases Reguladoras de Axudas Municipais de Inclusión Social, e que contra as mesmas durante o prazo de exposición ó público, segundo edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia número 44, de data 3 de marzo de 2023, e na sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), non se presentaron reclamacións, quedando aprobadas definitivamente as mesmas. Faise público o texto das devanditas bases da forma seguinte:

##### **BASES REGULADORAS DE AXUDAS MUNICIPAIS DE INCLUSION SOCIAL (AMIS) Centro de Servizos Sociais Comunitario Básico de Vilagarcía de Arousa**

##### *FUNDAMENTACIÓN*

A Declaración Universal de Dereitos Humanos, do 10 de decembro de 1948, no seu artigo 25.1 afirma que todos e todas terán dereito a un nivel de vida digno que lles asegure, xunto coa súa familia, a saúde e o benestar, e en especial a alimentación, o vestido, a vivenda, a asistencia médica e os servizos sociais necesarios.

O conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación constitúen a rede de Servizos Sociais.

A través da Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, se estrutura e regula, como servizo público, os servizos sociais en Galicia para a construción do Sistema Galego de Benestar.

En consecuencia, o Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, establece os Servizos sociais comunitarios básicos como o primeiro nivel de intervención dirixindo actuacións cara a prevención, a atención integral e a incorporación socio laboral das persoas.

Entre as funcións dos Servizos Sociais comunitarios básicos, reguladas no Decreto 99/2012, do 16 de marzo:



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

- A identificación de grupos de poboación vulnerables e a detección precoz de situacións de risco.
- A atención, información en relación ás demandas e a consecuente intervención no caso, que incluíra, a derivación cara o recurso idóneo ou a asistencia nos trámites necesarios para acceder a outros recursos
- A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención

Os Servizos Sociais Comunitarios desenvolven unha serie de programas básicos co obxectivo de dar cumprimento a estas funcións, como é o Programa de Inserción Social. A través deste programa valórase e dáse resposta a persoas en situación ou risco de exclusión social, aplicando tanto proxectos de intervención social personalizados ou de grupo coma prestacións económicas específicas. Polo tanto, este programa consta de intervencións técnico profesionais esenciais e prestacións económicas para paliar situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

De acordo co Decreto 61/2016, de 11 de febreiro polo que se define a Carteira de Servizos de Inclusión Social, teñen a consideración de prestacións económicas do sistema galego de servizos, "as Prestacións económicas destinadas a paliar situacións de necesidade social", responsabilidade das corporación locais, establecendo cada corporación local a normativa que regule as condicións de acceso.

De conformidade co disposto no artigo 2.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as prestacións previstas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, destinadas a persoas físicas, e as prestacións autonómicas e municipais de natureza similar a estas ou de carácter asistencial non teñen carácter de subvencións.

O Concello de Vilagarcía de Arousa, habilitado para xestionar as axudas municipais de emerxencia social como prestación económicas de carácter asistencial, establece, polo tanto, estas bases para regular as Axudas Municipais de Inclusión social, destinadas a resolver ou paliar situación de risco, co obxecto de potenciar a transparencia, eficiencia e eficacia deste gasto público, entendido como recurso facilitador no "reforzo de procesos de inclusión social e na atención a situación de grave emerxencia que poidan desencadear un proceso de exclusión social"

## CAPÍTULO I- DISPOSICIÓN XERAIS

### Artigo 1.—Obxecto.

É obxecto destas bases a regulación das Axudas Municipais de Inclusión Social de carácter ordinario, así como resultante de situacións de emerxencia social destinadas a persoas ou familias residentes no Concello de Vilagarcía de Arousa en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

*Artigo 2.—Definición*

1. Enténdese por Axudas de Inclusión Social, o conxunto de axudas e prestacións económicas ou en especie destinadas a paliar ou resolver, por si mesmas ou complementariamente con outros recursos e prestacións, situacións transitorias de necesidade, garantir mínimos de subsistencia, reforzar procesos de integración familiar e inclusión social e previr situacións de exclusión social.

2. Enténdese por Urxencia- Emerxencia social aquela situación producida por un feito non previsto, xeralmente por causas naturais ou provocadas, afectando ás capacidades persoais, recursos e medios de subsistencia, así como relación ou rede socio familiar. Estas situacións provocan unha desprotección grave que precisa de intervención inmediata e ineludible, evitando un empeoramento ou prexuízo maior.

3. As Axudas Municipais de Inclusión social, en adiante AMIS, están vinculadas a unha diagnose e un proceso de intervención social, co obxectivo de mellorar a situación socio familiar e económica, a través de prestacións económicas e técnico profesionais cun proxecto socio educativo acordado polo persoal do Centro de Servizos Sociais e a persoa ou unidade familiar.

4. Os Servizos sociais municipais contan ademais con outros recursos de intervención individual ou familiar para dar resposta ás necesidades detectadas na diagnose social previa.

*Artigo 3.— Obxectivos*

Son obxectivos do Programa de Axudas Municipais de Inclusión Social:

- Apoiar a persoas e unidades de convivencias que carecen de recursos económicos suficientes para afrontar necesidades básicas de alimentación, vivenda, aloxamento, hixiene, atención sanitaria non cuberta por sistemas públicos.
- Previr e evitar as consecuencias psicosociais no desenvolvemento das persoas derivadas da carencia de recursos económicos suficientes.
- Favorecer a inclusión das persoas e unidades familiares na comunidade

*Artigo 4.—Persoas destinatarias*

1. Poderán ser destinatarias destas axudas, as persoas ou unidades familiares de convivencia residentes no Municipio de Vilagarcía de Arousa, que cumpran os requisitos sinalados nestas bases.

2. A estes efectos entenderase por unidade familiar de convivencia ás persoas que vivan soas, e no seu caso, ao conxunto de persoas que convivan no mesmo marco físico e se atopen vinculadas por matrimonio ou calquera outra forma de relación estable análoga á conxugal, por adopción ou acollemento ou por vínculo de consanguinidade ou afinidade ata 2º grao. O grao de parentesco contarase a partir do/da persoa solicitante.

3. Como excepción ao apartado anterior, terán a consideración de unidade familiar de convivencia independente:



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

a. A constituída por unha persoa vítima de violencia de xénero que abandonase o seu domicilio familiar habitual acompañada dos seus fillos ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente.

b. A constituída por unha persoa acompañada dos seus fillos/as ou menores en réxime de garda con fins de adopción ou acollemento familiar permanente, que iniciase os trámites de separación ou divorcio.

c. Cando por causa de forza maior, accidente ou desafiuzamento a unidade familiar se vexa obrigada a residir con outra.

d. Nos casos nos que persoas independentes sen vínculos compartan vivenda cunha unidade de convivencia formada por persoas con vínculos de parentesco ou análogos, considérase unidades de convivencia diferenciadas.

e. Cando unha unidade familiar con menores ao seu cargo e con vínculos de parentesco ou análogos con outra unidade familiar con menores a cargo compartan vivenda considerárase a existencia de unidades de convivencia diferenciadas.

f. Considerase que non rompe a convivencia a separación transitoria por razón de estudos, traballo, tratamento médico, rehabilitación ou outras causas similares. A tal efecto, é requisito para a consideración de integrante da unidade de convivencia a residencia efectiva, legal e continuada en España.

g. Se en virtude dun contrato queda acreditado o uso individualizado, por unha persoa soa ou por unha unidade de convivencia, dunha habitación en establecemento hostaleiro ou similar, será considerado domicilio.

h. O establecido no parágrafo anterior non será aplicable aos pactos ou acordos entre convivintes sobre o uso do domicilio ou de determinadas zonas do mesmo, sen contraprestación económica.

4. En concordancia coa normativa autonómica, se determinarán os supostos do marco físico de residencia colectiva que podan ser considerados unidade de convivencia independente aos efectos deste artigo.

#### *Artigo 5.— Condicións Xerais*

1.—As AMIS teñen carácter:

a. Finalista, polo tanto, dirixidas unicamente ao obxecto para o que foi concedida.

b. Subsidiario, respecto de calquera outra axuda de organismo público ou entidade prestadora de Servizos Sociais acreditada.

c. Voluntario, temporal e extraordinario, polo que a súa concesión determínase por un tempo establecido, sempre que se cumpran as obrigacións e proxectos derivados.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

2.—A demanda planeada pola persoa solicitante debe ser considerada básica e indispensable polo Centro de Servizos Sociais.

3.—As persoas solicitantes, así como outros membros da unidade de convivencia, de selo caso, subscribirán un compromiso ou proxecto de intervención e mellora familiar, do que realizárase o correspondente seguimento e supervisión.

4.—As axudas municipais concedidas non poderán ser invocadas como precedente para a concesión doutras en sucesivas ocasións.

5.—Non se poderá acceder a estas axudas municipais:

a. cando, de selo caso, non se teñan utilizado as canles, prestacións ou servizos doutras Administracións que puideran dar cobertura ao tipo de necesidade.

b. cando se perda o dereito a unha prestación pública recoñecida por causas imputables á persoa solicitante da axuda.

c. cando non se teña xustificado as axudas concedidas nos prazos establecidos.

d. cando non se estea a cumprir coas obrigas ou proxectos de intervención social da súa unidade de convivencia establecidos no Centro de Servizos Sociais.

6.—O centro de Servizos Sociais poderá propoñer situación de excepcionalidade de calquera tipo ben por non cumprir requisitos de acceso ou porque a necesidade detectada non estea contemplada nas presentes bases. A valoración profesional de excepcionalidade recollerase no preceptivo informe tendo en conta:

a. A existencia de persoas menores de idade na unidade de convivencia, persoas maiores, persoas con diversidade funcional ou enfermas da que a privación de artigos de primeira necesidade poidan supoñer un risco especial.

b. Que no momento da súa demanda existan circunstancias de idoneidade para a concesión baixo o principio de prevención fronte a situacións de violencia e/ou desamparo.

c. No caso de non cumprir cos requisitos de empadroamento terase en conta na valoración da excepcionalidade: rede de apoio socio familiar e afectivo na contorna, criterios de saúde e sanitarios, posibilidade de acceso a vivenda, criterios humanitarios, de asilo ou refuxio.

d. Nas excepcións relativas a gastos de aluguer de vivenda, valorárase a existencia de causas ou gastos extraordinarios non previstos, visto balance de ingresos e gastos da unidade de convivencia.

## CAPÍTULO II- REQUISITOS E CÓMPUTO DE MEDIOS ECONÓMICOS

*Artigo 6.—Requisitos Xerais das persoas solicitantes.*

1.—Será requisito xeral para solicitar as axudas reguladas nas presentes bases:



- Ser maior de idade ou menor emancipado/a
- Estar empadroadado/a no seu domicilio habitual no termo municipal de Vilagarcía de Arousa cunha antelación mínima de 6 meses á solicitude.

Deste período mínimo están exentos:

- Os/as solicitantes que acrediten unha situación de emigrante retornado.
- Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.
- Mulleres vítimas de violencia de xénero
- Persoas vítimas de trata de seres humanos e de explotación sexual.
- Ou no caso de valoración profesional de excepcionalidade.
- Non ter acceso a axudas polo mesmo concepto por parte doutro organismo, entidade prestadora de servizos sociais ou Administración Pública que cubran a totalidade da necesidade pola que se solicita a prestación.
- Non ter solicitado ningún membro da unidade familiar de convivencia unha AMIS para a mesma finalidade, nos últimos doce meses dende a data de rexistro de entrada.
- Carecer de medios económicos de acordo co indicado no artigo 4, atopándose en situación de vulnerabilidade, risco ou exclusión social.
- Que non existan persoas legalmente obrigadas e con posibilidade real de prestarlles alimentos de acordo coa lexislación civil.

Se considera que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poden facer fronte a atender as necesidades básicas da Unidade Familiar solicitante sen desatender as propias necesidades ou as dos familiares ao seu cargo. Igualmente, no caso de que non se poida facer efectiva polos malos tratos, relacións familiares deterioradas ou inexistentes, das cales exista constancia na súa historia social.

2.—No caso de axudas para a propiedade da vivenda, ademais do sinalado no punto anterior, serán requisitos específicos:

- Ostentar total ou parcialmente a propiedade dunha única vivenda en todo o territorio nacional
- Que o devandito inmovible constituía a súa residencia habitual, e que acrediten a condición de ser o seu domicilio de empadroamento.
- Que ningún membro da unidade de convivencia posúa calquera ben inmovible habitable no termo municipal de Vilagarcía de Arousa

3.—Debido ao carácter das AMIS, queda excluído das presentes bases, o requisito de que a persoa ou unidade familiar de convivencia deba atoparse o corrente de pago das débedas que teña coa Facenda estatal, autonómica e municipal, así como coa Seguridade Social.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

*Artigo 7.—Requisitos económicos dos/das solicitantes*

1.—Considérase que non se dispón de ingresos suficientes con que atender total ou parcialmente os gastos específicos indicados no artigo 9 cando os recursos económicos mensuais da unidade familiar non sexan superiores ao IPREM (Indicador Público de Renta de Efectos Múltiples) incrementándose nun 10% por cada membro da unidade familiar a partir do segundo (unha vez descontados os gastos procedentes de préstamo hipotecario ou aluguer da vivenda habitual).

Esta porcentaxe incrementarase nun 10% máis, por cada menor, persoa con discapacidade ou persoa dependente da unidade familiar, familias monoparentais ou vítimas de violencia de xénero.

2.—En todo caso, atendendo ao carácter subsidiario das axudas municipais de inclusión social, en relación á tipoloxía de axudas sinaladas no artigo 9 a) os requisitos económicos para o acceso á citada axuda son:

- No caso de pagamento de aluguer ou préstamo hipotecario, os ingresos mensuais na unidade familiar de convivencia, descontando pago efectivo de aluguer ou préstamo, deberán ser inferiores aos establecidos para a unidade familiar de acordo co Ingreso mínimo Vital (actualizados anualmente).
- No caso de non ter gastos derivados de aluguer ou préstamo hipotecario, os ingresos mensuais na unidade familiar de convivencia deberán ser inferiores á contía correspondente do tramo persoal e familiar da Renda de Inclusión Social de Galicia (actualizados anualmente).

*Artigo 8.— Cómputo de medios económicos.*

Os medios económicos computaranse de conformidade ós seguintes puntos:

- O total de ingresos correntes regulares que perciba no mes anterior á formulación da solicitude, o/a solicitante e as persoas que constitúan a unidade de convivencia, en concepto de salarios, rendas, pensións, retribucións, prestacións, axudas, subsidios ou calquera outra, agás prestación familiar por fillo a cargo, ou pagas extraordinarias por ter un carácter puntual e extraordinario.
- Os ingresos irregulares tanto pola súa contía, como pola súa periodicidade, calcularanse pola media dos obtidos durante os dous meses anteriores á formulación da solicitude. Non se considerarán como ingresos as achegas esporádicas que unicamente resulten un complemento para a supervivencia.
- No caso de aforros bancarios, computaranse a través do seu prorrateo en 12 mensualidades.
- Se valorarán, para a concesión da axuda, aínda que non con carácter excluínte, os bens mobles e inmobles sobre os que se posúa dereito de propiedade, usufruto, posesión ou calquera outro, que polas súas características, valoración, posibilidade de explotación ou venda, indiquen a existencia de medios suficientes para a subsistencia da unidade de convivencia, excepto a vivenda destinada a fogar habitual.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

— Descontarase do cómputo de ingresos:

- Cota de préstamo hipotecarios ou aluguer efectivamente pagado
- Contías de gasto por pensión de alimentos de fillos/as menores, no caso de que a persoa solicitante o acredite documentalmente.

### *CAPÍTULO III-TIPOLOXÍAS DE AXUDAS E CONTÍAS*

#### *Artigo 9.-Tipoloxías de axudas*

1.—As AMIS poderán ser concedidas para dar cobertura aos gastos relacionados con:

a) Necesidades básicas persoais: gastos vinculados a alimentación, hixiene, vestido, cuidados sanitarios, próteses, axudas técnicas, sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección.

b) Necesidades básicas para o desenvolvemento infantoxuvenil: gastos vinculados ao cuidado dos/as menores (leite, cueiros, cereais, biberóns, vacinas, material educativo escolar, etcétera)

c) Uso de vivenda habitual: aluguer, desafiuzamento, préstamo hipotecario, cotas comunitarias, subministracións e aquelas outras derivadas do uso ou polo desaloxo da vivenda habitual sempre e cando non se poidan cubrir por outros sistemas de protección.

d) Propiedade da vivenda: outros gastos derivados da propiedade da vivenda non incluídas noutras axudas ou subvencións reguladas por outro tipo de normas, ou que sexan obxecto de bonificación fiscal.

e) Habitabilidade da vivenda: gastos derivados de mantemento de condicións de habitabilidade da vivenda ou equipamento básico, tales como electrodomésticos básicos, subministracións, traslados de mobles e aveños, acondicionamento sanitario e reparacións imprescindibles para a habitabilidade a criterio técnico.

f) Aloxamento alternativo: gastos derivados de hostel ou pensión ante situacións de catástrofe e/ou situación persoal, sanitaria ou social cando sexa imposible a permanencia da persoa no seu domicilio habitual, sempre e cando non se poida cubrir por outros sistemas de protección.

g) Outros gastos excepcionais derivados da cobertura de necesidades non recollidas nos apartados anteriores ou por outro tipo de prestación ou axuda, previa valoración técnica, tales como: desprazamentos de urxencia, trámites para documentación identificativa, enterramentos...

2.—Por regra xeral, agás necesidade urxente valorada por criterio técnico, non se concederán axudas para:

- Sufragar gastos de aluguer de vivendas de protección oficial de titularidade pública.
- Cambios de contratos de aluguer no termo municipal por importes superiores as contía abonadas previamente en concepto de aluguer.
- No caso de ter concedido a mesma axuda polo mesmo concepto:





Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

- Uso de vivenda habitual: no ano en curso ou non tendo solicitado recursos públicos doutra administración.
- Subministracións: non ter solicitado outras axudas/bonificacións tras a concesión da axuda.
- Próteses e axudas técnicas: nos 3 anos anteriores, agás prescrición médica urxente.
- Habitabilidade e equipamento da vivenda: nos 5 anos anteriores.

*Artigo 10.—Contía das axudas e temporalización*

A contía e duración virá determinada pola tipoloxía ou modalidade da axuda:

1. Necesidades básicas persoais:.

a) Alimentación e hixiene: en función do número de membros da unidade familiar de convivencia:

<i>Nº de persoas</i>	<i>Contía máxima de axuda/mes</i>
1	60
2	120
3	180
4	240
5 ou máis	300

No caso de ausencia total de ingresos na unidade familiar de convivencia a contía correspondente incrementarase ata un 50%, segundo valoración técnica.

Máximo de 6 meses de axuda nun período de 12 meses, agás ausencia total de ingresos na unidade familiar de convivencia, podendo ser prorrogable ata un máximo de 6 meses previa valoración técnica.

b) Vestido, coidados sanitarios, próteses, axudas técnicas a contía de axuda ascenderá ata un máximo do 100% IPREM mensual.

2.—Necesidades básicas para o desenvolvemento infanto-xuvenil:

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Contía máxima de axuda/menor</i>
Leite, pañais, cereais, biberóns	100 €/mes ata un máximo os 24 meses de idade
Vacinas non cubertas polo servizo sanitario	100,00 €
Material educativo escolar *no caso de incorporación escolar fóra de prazos	100,00 €



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

## 3.—Uso de vivenda habitual:

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Contía máxima de axuda</i>
Aluguer, préstamo hipotecario	3 meses ata un máximo de 450,00 €/mes
Cotas comunitarias	3 meses ata un máximo de 300,00 €
Subministros (luz, auga, gas)	3 meses ata un máximo de 300,00
Outras derivadas do uso/ desaloxo da vivenda habitual	Ata un máximo 900,00 €

A persoa destinataria deberá garantir a continuidade no pago con ingresos propios e/ou con prestacións.

## 4.—Propiedade da vivenda: 80% do gasto anual ata un máximo de 250,00 €.

5.—Habitabilidade da vivenda: gastos derivados de mantemento de condicións de habitabilidade da vivenda ou equipamento básico, tales como electrodomésticos básicos, subministracións, traslados de mobles e aveños, acondicionamento sanitario e reparacións imprescindibles para a habitabilidade baixo criterio técnico

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Contía máxima de axuda</i>
Equipamento básico	350,00 en función do electrodoméstico ata un total máximo de 900,00 €
Alta de Subministros	200,00 €
Traslados	200,00 €
Acondicionamento sanitario e reparacións	200,00 €

## 6.—Aloxamento alternativo: ata un máximo de 900,00 €

7.—Outros gastos excepcionais derivados da cobertura de necesidades non recollidas nos apartados anteriores ou por outro tipo de prestación ou axuda, previa valoración técnica e atendendo ao custe de mercado ata un máximo de 1.500,00 €.

8.—No caso de gastos funerarios, atendendo á competencia municipal, tramitarase no caso de que a unidade de convivencia carece de medios económicos para facer fronte aos gastos derivados de enterramento, ou de ausencia de rede socio familiar. O importe máximo será o 100% do importe informado favorablemente pola área de Servizos Sociais.

A valoración da concesión das contías das axudas realizarase en base á situación e historia social xunto co criterio técnico e o proxecto de intervención coa persoa ou unidade familiar para que, polos seus propios medios, poida superar a situación de necesidade da unidade familiar.

O límite máximo anual por unidade de convivencia, exceptuando do cómputo as axudas para necesidades básicas persoais e de desenvolvemento infantoxuvenil, será de 1.500,00€.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

*CAPÍTULO IV- PROCEDIMENTOS E TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES**Artigo 11.—Procedemento ordinario para a concesión das axudas.*

1.—As axudas previstas nestas bases se concederán directamente, acreditados os requisitos sinalados nas presentes bases.

2.—O procedemento ordinario se inicia coa solicitude da persoa interesada a través de instancia ó Concello, segundo modelo normalizado, acompañada da documentación requirida e/ou autorización de consulta de datos correspondente.

3.—Poderán solicitarse ata un máximo de 3 tipoloxías de axudas de acordo co indicado no artigo 6, e establecendo un máximo de presentación de dúas solicitudes nun mesmo ano natural.

*Artigo 12.—Documentación para o procedemento ordinario*

A documentación acreditativa requirida deberá presentarse de acordo coa seguinte relación:

1.—Solicitude segundo modelo, debidamente cumprimentada e asinada por tódolos membros da unidade familiar de convivencia, maiores de 18 anos, que incluirá:

- Compromiso de destinar a axuda á finalidade para a que é concedida
- Declaración de axudas recibidas pola mesma tipoloxía e conceptos e contía.
- Autorización de consulta de datos obrantes na administración local e outras administración públicas
- Autorización para a consulta e seguimento da intervención social en coordinación con entidades prestadoras de servizos sociais debidamente acreditadas.

2.—Ficha persoal da persoa solicitante

- Fotocopia do D.N.I, N.I.E ou pasaporte da persoa solicitante.
- Copia ou certificación bancaria onde a persoa solicitante conste como titular dun número de conta.

3.—Documentación xenérica da unidade de convivencia:

- Fotocopia do D.N.I, N.I.E ou pasaporte de tódolos membros da unidade familiar de convivencia maiores de 18 anos
- Fotocopia do Libro de Familia
- No caso de separación ou divorcio, deberá presentar documentación acreditativa da situación, convenio regulador e/ou medidas civís.
- No caso de persoas con discapacidade, dependencia ou enfermidade, deberán aportar o certificado do grao de minusvalía, resolución de grao de persoa dependente valorada ou informes do Sistema Público de Saúde, onde se acredite a enfermidade invalidante.
- No caso de violencia de xénero, documento acreditativo de acordo coa normativa vixente.



**4.—Documentación económica:**

- Certificado de bens urbanos, rústicos, I.A.E, así como Declaración Xurada de posesión de Bens Urbanos, Rústicos, I.A.E. noutros Concellos (modelo normalizado) a nome de todas as persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.
- Xustificantes de ingresos da unidade familiar de convivencia: autorización de consulta con outras administracións ou, de selo caso:
  - Última declaración do IRPF de tódolos membros maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia, e no caso de non ter que presentala certificación negativa do IRPF.
  - No caso de persoas en situación de desemprego, copia da súa tarxeta de demandante de emprego e certificado de prestacións de desemprego e no seu defecto, certificado negativo.
  - Vida Laboral da Seguridade Social, das persoas que se atopen en situación de desemprego.
  - Copia das 2 últimas nóminas das persoas que se atopen desempeñando actividade laboral remunerada regular e copia do contrato de traballo.
  - Certificado de pensionista emitido pola Seguridade Social ou a Casa do Mar, para as persoas beneficiarias dalgún tipo de prestación do sistema, e en caso contrario certificación negativa o respecto, das persoas maiores de 18 anos da unidade familiar de convivencia.
- Extractos bancarios dos últimos 3 meses.
- No seu caso, xustificante dos gastos de arrendamento ou préstamo hipotecario da vivenda habitual.

**5.—Documentación complementaria segundo a tipoloxía de axuda solicitada:****5.1.—Axuda para uso e propiedade de vivenda habitual:**

- copia do contrato de aluguer, copia dos recibos de pago do aluguer (debidamente cumprimentados, con tódolos datos relativos tanto ó propietario como ó arrendatario, así como a sinatura da persoa arrendataria e o seu número de NIF) ou, no caso de préstamo hipotecario, certificado bancario que acredite o ben que grava ou escritura e xustificante de pago do préstamo hipotecario.
- No caso de débeda contraída coa persoa arrendataria da vivenda declaración da mesma que así o acredite; e no caso de vivenda compartida ou pensións, declaración da persoa propietaria do custe por habitación ou contrato de habitación.

**5.2.—Axuda para coidados sanitarios e/ou farmacolóxicos**

- receita médica de prescrición ou de medicación activa.
- presuposto/factura da farmacia do custe do produto

**5.3.—Nos restantes tipos de axudas:**

Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

- presuposto/factura do obxecto da axuda

Outros documentos específicos segundo as circunstancias de necesidade e/ou proxecto específico de intervención ou mellora asinado.

Calquera outra documentación que para a correcta valoración da solicitude se lle poida requirir durante a tramitación.

6.—Documentación xustificativa da axuda solicitada e no seu caso concedida:

a. Factura con todos os requisitos legalmente establecidos:

- i. Nome ou razón social e N.I.F. do proveedor ou prestador de servizos.
- ii. Nome e N.I.F. da persoa perceptora da prestación e, polo tanto, da axuda.
- iii. Contía do importe de subministro ou servizo, impostos no seu caso incluídos.
- iv. Concepto do subministro ou prestación de servizos.
- v. Data ou período de entrega do subministro ou prestación do servizo.

b. Contrato ou documento probatorio da prestación, en caso de servizos prestados por persoas ou entidades non obrigadas a facturar.

c. Transmisión de dereitos de pago, no seu caso.

A persoa solicitante estará obrigada á presentación dos xustificantes no Centro de Servizos Sociais se así se lle requirise.

En todo caso, transcorrido 1 mes dende a concesión da axuda sen proceder a presentar a documentación xustificativa, se entenderá por desistida da súa solicitude procedendo á anulación da axuda concedida; salvo concesión rogada de prórroga, outorgada unicamente para casos excepcionais e debidamente motivados.

*Artigo 13.—Forma, lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1.—A solicitude, acompañada da documentación acreditativa presentarase a través de Rexistro do Concello de Vilagarcía de Arousa, ou a través da sede electrónica municipal.

2.—Recibida a solicitude no Centro de Servizos Sociais Comunitario procederase á súa tramitación. No seu caso, se requirirá á persoa interesada para que proceda á subsanación da solicitude concedendo un prazo de 10 días hábiles, apercibíndolle que no caso contrario teráselle por desistido da súa petición, procedendo ó arquivo do expediente.

3.—O/a Traballador/ra Social correspondente emitirá o preceptivo Informe Social, que incluírá valoracións cualitativas e cuantitativas en relación á determinación do sentido da concesión da axuda, contía e duración, de selo caso.

4.—Posteriormente, visto o informe social, elevarase a proposta do servizo sobre a procedencia de conceder ou denegar a axuda solicitada.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: UGAWN6BBOY8J9JM64



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

5.—O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto durante todo o ano.

6.—En todo caso a axuda se concederá en función do crédito orzamentario dispoñible.

*Artigo 14.-Resolución, notificación ós/ás interesados/as.*

O prazo máximo para resolver é de 1 mes dende a presentación da solicitude ou, de selo caso, dende a subsanación da mesma.

A Proposta de Resolución deberá conter:

- Procedencia ou non de concesión e motivo
- Tipoloxía, contía e duración da mesma

Con carácter excepcional, se á vista da documentación presentada se considera oportuno, a tramitación do expediente poderá mudar para o procedemento extraordinario.

*Artigo 15.—Forma de pago.*

1.—A forma de pago das axudas concedidas serán as que se determinen na resolución, podendo ser:

- Directa: a favor do petionario da axuda, por medio de transferencia bancaria.
- Indirecta: a favor do proveedor ou entidade prestadora do ben ou servizo . Neste caso o preceptor da axuda deberá asinar declaración xurada facendo constar a cesión do pago a favor do proveedor, de acordo ao modelo establecido.

2.—No caso de axudas para alimentación, hixiene e produtos infantís e farmacia, serán xestionadas a través dunha tarxeta moedeiro. A estes efectos a persoa beneficiaria recollerá a tarxeta moedeiro no Centro de Servizos Sociais para o seu uso nos establecementos asociados. A persoa solicitante asinará súa recepción e compromiso de utilización, así como da custodia de xustificantes de pago.

3.—Queda aberta a posibilidade doutros supostos excepcionais a xuízo técnico do Centro de Servizos sociais Comunitario Básico.

*Artigo 17.—Procedemento extraordinario de concesión de axudas por urxencia social.*

1.—Nos casos de urxencia debidamente xustificada e valorada polo Centro de Servizos Sociais, procederase á concesión urxente ou inmediata da axuda por Resolución de Alcaldía.

2.—Neste suposto, establécese o procedemento de urxencia para situacións valoradas como excepcionais e de urxencia social, iniciándose de oficio dende o Centro de Servizos Sociais.

3.—O Centro de Servizos Sociais incoará o expediente co fin de resolver situacións de desprotección ou desamparo vinculadas a persoas en risco grave de exclusión social, co correspondente informe motivando a urxencia e excepcionalidade.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

4.—O pago da axuda realizarase a través do sistema de pago que resulte mais axeitado para paliar a situación de necesidade ou urxencia.

No caso de optar polo sistema de caixa fixa, o centro de Servizos Sociais aportará:

- a. as facturas ou documentos acreditativos de ter efectuado o pago
- b. informe social
- c. conformidade da Coordinación do Servizo.

5.—A documentación acreditativa da persoa interesada e/ou da axuda concedida, así como os datos relevantes será incorporada ao expediente con carácter previo ao seu arquivo e obrarán no Centro de Servizos Sociais e na súa historia social, dada a excepcionalidade do tipo de axuda.

#### *Artigo 18.—Extinción da axuda concedida.*

Serán causas de extinción da axuda concedida:

- 1.—Falseamento ou ocultación de datos tidos en conta para a concesión da axuda.
- 2.—Desaparición das circunstancias que deron orixe a súa concesión ou dalgún dos requisitos ou condicións esixidas.
- 3.—Baixa do Padrón Municipal.
- 4.—Non presentación da documentación xustificativa que deu lugar á axuda concedida, no prazo establecido para elo.
- 5.—Cumprimento do prazo da duración da prestación económica.
- 6.—Falecemento da persoa beneficiaria
- 7.—Renuncia ou traslado fóra do municipio.
- 8.—Non cumprimento do proxecto de intervención social definido co Centro de Servizos Sociais Comunitarios, condicionando o seu cumprimento á concesión de novas axudas segundo criterio técnico e de acordo co establecido nas presentes bases.

### *CAPÍTULO V- OBRIGAS. ACCIÓNS DE CONTROL E SANCIÓNS*

#### *Artigo 19.—Obrigas das persoas solicitantes*

As persoas solicitantes destas axudas están obrigados a:

- 1.—Comunicar ao Centro de Servizos Sociais todas aquelas variacións ocorridas na súa situación socio familiar, que poidan modificar as circunstancias que motivaron a solicitude durante o período de tramitación e duración da axuda nun prazo de 15 días naturais.



Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

2.—Facer valer todo o dereito ou prestación económica que puidera corresponder tanto á persoa solicitante como a calquera membro da unidade de convivencia.

3.—Destinar a cantidade percibida aos fins para os que foi concedida.

4.—Colaborar coa Administración municipal e permitir e facilitar a actuación do Centro de Servizos sociais para avaliar a súa situación socio familiar e comprobar a aplicación da axuda á finalidade para a que foi concedida.

5.—Negociar, subscribir e cumprir co proxecto de intervención que se deseñe, no seu caso.

6.—Reintegrar os importes concedidos cando non se apliquen para os fins que se concederon.

7.—Aceptar ofertas de emprego que lle corresponda por profesión habitual ou que sexa coincidente coa profesión desempeñada na súa última actividade laboral axustadas ás súa aptitudes físicas e formativas.

*Artigo 20.—Seguimento, inspección e control.*

1.—O Concello poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas, así como a requirir ós beneficiarios nos termos que precise, todo elo de conformidade co disposto no Título III da Lei 38/2003.

2.—O Centro de Servizos Sociais realizará o seguimento e avaliación do cumprimento de obxectivos da axuda e do proxecto de intervención deseñado, de selo caso.

*Artigo 21.—Infraccións e sancións.*

1.—O incumprimento parcial ou total das condicións establecidas, a desviación da subvención para actividades ou conceptos non estimados no proceso de tramitación e resolución, o incumprimento da obriga de xustificación, a duplicidade de axudas para un mesmo programa, sempre que non sexan complementarias con cargo a créditos doutras Administracións Públicas, constituirán causa determinante para a revogación da subvención concedida, coa conseguinte devolución dos créditos obtidos.

2.—Igualmente, o falseamento ou a aplicación da prestación a fins distintos dos previstos, dará lugar á cancelación da axuda e á obriga do reintegro das cantidades recibidas.

3.—As cantidades a reintegrar terán a consideración de créditos de dereito público, resultando de aplicación para a súa cobranza o previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

**DISPOSICION DEROGATORIA**

Queda derrogada a Regulación das Axudas Municipais de Inserción Municipais anteriormente aprobadas polo Pleno da Corporación Municipal e publicadas no Boletín Oficial da Provincia.





Venres, 28 de abril de 2023

Núm. 82

*DISPOSICION DERRADEIRA*

A presente normativa entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

En Vilagarcía de Arousa a 20 de abril de 2023

ALBERTO VARELA PAZ

ALCALDE- PRESIDENTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:  
<https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación: UGAWN6BBOY8J9M64

